

SEPE. MESA DELEGADA

Novo calendario laboral e outros

26/09/2024

O SEPE vai sacar o novo calendario laboral sen acordo coa representación sindical

O novo calendario non aporta ningunha mellora para o conxunto do persoal e mantén no caso do persoal con postos básicos (sen APC, produtividade por maior dedicación e produtividade de apoio a estes postos), a discriminación.

O persoal con APC, que percibe un complemento específico superior ao resto (suponse que por ter unha atención continuada á cidadanía en horario de mañá e tarde), pasou de ter que facer horario fixo de 9 a 17 h cando se lle concedeu a facer. xa co anterior calendario e agora co novo, unha soa tarde á semana e en moitas oficinas sen atención ao público. Esta situación é discriminatorio con respecto ao persoal que non ten ese complemento específico.

O persoal que cobra a maior dedicación o os que cobran as 40 horas por apoialos (que case sempre son os mesmos) viron reducido o seu horario de tarde en inverno xa no anterior calendario e no verán non fan nin sequera a tarde que obriga a instrución de xornada e horarios da AXE.

Mentres tanto, para o resto non se produciu ningunha mellora no horario. En canto ao tempo de cortesía, cando comezou a reunión dixeran que a cortesía pasaba a 30 minutos pero no remate da reunión aceptaron que de momento e con carácter provisional van seguir sendo 40 min para todos mentres non melloran as aplicacións.

Ademais de todo isto, nas CC.AA. que decidan modificar o horario de apertura das súas oficinas, o SEPE adaptárase a elas. E dicir, agora tamén mandan no noso horario.

OUTROS TEMAS FALADOS NA REUNIÓN

A nova regulación da **cita previa** segue en estudo.

Falta de persoal. O SEPE, unha vez que se produzan todas as incorporacións pendentes, ten pensado pedir a Función Pública máis interinas e interinos de vacante.

A CIG pediu que **non** se cubran as vacantes de Galicia con **persoal interino** porque entende que non é xusto que logo se ofrezan eses postos a persoal de novo ingreso cando hai moitas galegas e galegos fora do país que queren voltar. A Subdirectora dixo que falaríamos do tema no momento en que se concretase a petición a Función Pública, reiterando a CIG a nosa oposición a cubrir as vacantes con este persoal e que se fagan **exclusivamente por concurso de traslados**.

En outubro comeza outro **curso** en liña coas modificacións de prestacións. Tamén haberá un curso básico e outro de especialización do programa ALMA. A CIG manifestou que o curso en liña non é moi bo e que sería necesario dar cursos presenciais ou por Teams. A Subdirección dixo que se algunha provincia o quere facer presencial hai crédito dispoñible.

A **CIG** pediu que durante as primeiras semanas da entrada en vigor da normativa e a nova aplicación se deran **pautas** ás direccións provinciais para **reducir o número de citas ou aumentar o seu tempo de duración** para evitar un estres engadido e previr a case segura caída do sistema informático e faios da aplicación.